



CONVOCATORIA DE MATRÍCULA DA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA OS MAIORES DE 45 ANOS - 2019

A proba de acceso á universidade para os maiores de 45 anos regúlase polo disposto no Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño (BOE de 7 de xuño) e disposto na Orde de 24 de marzo de 2011 (DOG de 4 de abril).

Por todo o exposto, e ao abeiro das competencias recoñecidas ás universidades nas disposicións citadas e conforme o expresado na cláusula segunda do convenio entre as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) resolve *convocar a Proba de Acceso á Universidade para os Maiores de 45 anos, correspondentes ao ano 2019*, no ámbito das tres Universidades de Galicia e que se rexerán conforme as seguintes:

BASES

1ª).- QUEN SE PODE MATRICULAR:

As persoas que cumpran ou cumprisen no ano natural os 45 anos de idade no que se celebra a proba, acreditado mediante fotocopia do DNI ou Pasaporte, e non posúan ningunha titulación académica habilitante para acceder á universidade por outras vías nin poidan acreditar experiencia laboral ou profesional.

A ausencia desta acreditación, a falta de veracidade ou a manipulación de datos, suporá a perda automática dos dereitos derivados da matrícula nas devanditas probas.

2ª).- PRAZO, HORARIO E LUGARES DE MATRÍCULA:

Prazo: do 21 de xaneiro ao 8 de febreiro, ámbolos dous inclusive.

Horario: das 9,00 ás 14,00 horas os días hábiles de luns a venres.

Lugares de matrícula: os LERD (presentando a instancia de matrícula previamente descargada da web e debidamente cuberta).

Tamén poderán efectuar a matrícula mediante calquera dos procedementos especificados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, (BOE do 27 de novembro de 1992), coa obriga de incluír fotocopia do resguardo do pagamento dos prezos públicos mediante xiro postal dirixido aos lugares de matrícula que figuran no Anexo I.

Se o solicitante está en posesión de disfrute de redución ou exención do pagamento de ditos prezos, remitirá fotocopia do documento que o acredite.

3ª).- DOCUMENTOS:

Documentación que se deberá aportar no momento da matrícula:

- a) Fotocopia do DNI ou Pasaporte (estranxeiros) por ambas caras.
- b) Resgardo acreditativo de ter aboadas as taxas. O ingreso das taxas de matrícula farase nunha entidade bancaria, mediante o impreso que se facilitará ao efecto nos lugares de matrícula.
- c) Solicitud de matrícula na que se fagan constar os datos do/a interesado/a. O impreso de solicitud descargárase da páxina web da ciug: <http://ciug.gal/PDF/impresom452019.pdf>
- d) Curriculum vitae.

Ao facer a matrícula, o alumnado recibirá un “Resgardo de matrícula” que deberá conservar, xa que neste se indicará un *código de acceso* para poder facer posteriormente na Internet a solicitud de reclamación ás cualificacións das probas e a solicitud de admisión (preinscrición) para cursar titulacións universitarias do SUG con límite de prazas.

4ª) PREZOS PÚBLICOS:

De conformidade co disposto no Decreto 68/2018, do 21 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2018-2019, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 128 do xoves, día 5 de xullo de 2018), o importe do prezo de matrícula para estas probas é de **63,67 euros**. O aboamento de prezos deberá facerse no impreso establecido.

- Axudas para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos:¹

- Familia numerosa - Categoría Xeral **31,84 euros**
- Familia numerosa - Categoría Especial **Gratuíta**
- Persoal das Universidades do SUG **Gratuíta**
- Persoas con discapacidade (≥ 33%), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero **Gratuíta**

Os membros de familia numerosa de 1ª e 2ª Categoría Xeral, así como os de Familia Numerosa de Honra Categoría Especial, beneficiaranse da redución ou exención correspondente, de acordo coa normativa específica.

5ª) REALIZACIÓN DOS EXAMES:

-
- ¹ (1) Os beneficiarios/as de Familia Numerosa de Categoría Xeral e de Familia Numerosa de Categoría Especial deberán achegar, no momento da matrícula, xunto co xustificante bancario, fotocopia compulsada do carné de Familia Numerosa.
 - (2) O Persoal docente e de administración e servizos, os seus fillos, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación, das tres Universidades de Galicia terá a matrícula gratuíta. A gratuidade deberá acreditarse mediante certificación dos respectivos Servizos de Persoal e, no caso de cónxuxe e fillos, ademais, por medio da fotocopia do Libro de Familia.
 - (3) A condición de persoa con discapacidade(≥ 33%), de vítima de acto terrorista ou de vítimas de violencia de xénero acreditarase coa correspondente resolución administrativa pola que se recoñecese a condición correspondente que deberá presentarse, necesariamente, no prazo de matrícula fixado, para que teña eficacia.

Os exercicios a realizar son os que se indican no Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño (BOE de 7 de xuño), que se especifican no folleto informativo editado pola CiUG.

Os alumnos matriculados ao abeiro da presente convocatoria efectuarán os exames, en chamamento único, o **sábado día 2 de marzo** a partir das 8,30 horas, na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.

O sistema universitario de Galicia realizará anualmente unha convocatoria da proba de acceso, para cada unha das ramas nas que oferten ensinanzas.

Os candidatos e candidatas poderán realizar a proba de acceso na universidade da súa elección, sempre que existan nesta os estudos que desexen cursar, correspondéndolles, a efectos de ingreso, a universidade na que superasen a proba.

Non se poderá realizar a proba de acceso, para un mesmo curso académico, en máis dunha universidade. En caso contrario, quedarán automaticamente anuladas todas as probas realizadas.

6ª) ESTRUCTURA DA PROBA:

A proba de acceso terá como obxectivo apreciar a madurez e idoneidade dos candidatos e candidatas para seguiren con éxito estudos universitarios, así como a súa capacidade de razoamento e de expresión escrita

A proba de acceso comprenderá os tres exercicios seguintes:

- a) Comentario dun texto ou desenvolvemento dun tema xeral de actualidade.
- b) Lingua Castelá.
- c) Lingua Galega.

Os candidatos e candidatas que superen a proba de acceso deberán realizar ademais unha entrevista persoal na data e lugar que determine a comisión organizadora.

Do resultado da entrevista persoal deberá elevarse unha resolución de apto como condición necesaria para a posterior resolución favorable de admisión dos candidatos e candidatas.

Os candidatos que acrediten residencia fóra de Galicia por un período ininterrompido superior aos catro últimos anos, poderán solicitar, no momento de se matricularen, a exención do exercicio de Lingua Galega. A CiUG comunicará aos candidatos ou candidatas, por correo ordinario con aviso de recibo, a concesión ou non da exención do exercicio de Lingua Galega.

Cada un dos exercicios da proba de acceso terá unha duración máxima dunha hora e media. Establecerase un intervalo mínimo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

Para a realización dos exercicios, os candidatos poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma de Galicia. Non obstante, os exercicios

correspondentes a lingua castelá e lingua galega deberán realizarse nos seus respectivos idiomas.

7ª) SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación de cada un dos exercicios da proba de acceso expresarase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais e con intervalos de 0,25 puntos.

A cualificación final da proba será a media aritmética das cualificacións obtidas nos tres exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior

Entenderase que o candidato ou candidata superará a proba cando obteña un mínimo de cinco puntos na cualificación final, non podéndose, en ningún caso, promediar cando non se obteña unha puntuación mínima de catro puntos en cada exercicio.

A nota de admisión para cursar ensinanzas universitarias oficiais de Grao será a cualificación final obtida na proba.

Unha vez superada a proba de acceso, os candidatos poderán presentarse de novo en sucesivas convocatorias, coa finalidade de mellorar a súa cualificación. Terase en conta a cualificación obtida na nova convocatoria sempre que esta sexa superior á anterior.

No suposto de que, na nova convocatoria, o candidato ou candidata decida realizar a proba de acceso noutra universidade, soamente se tomará en consideración, a efectos de ingreso, a cualificación obtida nesta última

8ª) PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS:

As cualificacións provisionais da Proba publicaranse na sede da CiUG, nos LERD e nos tres Reitorados de Galicia o *día 7 de marzo* (a partir das 15,00 horas). A resolución pola que se fagan públicas estas cualificacións terá efectos de notificación oficial aos interesados/as.

9ª) RECLAMACIÓNS ÁS CUALIFICACIÓNS:

Os candidatos e candidatas poderán presentar reclamación ás cualificacións provisionais despois da súa publicación, dentro do prazo establecido pola comisión organizadora e mediante escrito razoado dirixido á presidencia do tribunal.

O prazo de presentación de reclamacións ás cualificacións será de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación das cualificacións provisionais (*do 11 ata as 14,00 horas do 13 de marzo*).

As solicitudes de reclamación poderán presentarse no LERD no que se entregase a solicitude de matrícula para a proba, empregando os impresos específicos facilitados ao efecto, ou mediante o procedemento telemático establecido, empregando o número de acceso á aplicación informática Nerta facilitado ao alumnado no seu resguardo de matrícula.

10ª) PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS:

As cualificacións definitivas (despois da resolución das reclamacións e das entrevistas persoais) publicaranse o *día 14 de marzo* (a partir das 15,00 horas).

A resolución, que xunto coas actas de cualificacións farase pública na sede da CiUG, nos LERD e nas sedes dos tres reitorados de Galicia, e que terá efectos de notificación oficial aos interesados, porá fin á vía administrativa.

En todo caso, contra a resolución que porá fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia Comisión. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición.

11ª) REALIZACIÓN DAS ENTREVISTAS PERSOAIS:

A CiUG fará público, na súa páxina web, antes do 21 de marzo de 2019, a data de realización da entrevista persoal e a hora en que se convocará a cada un dos candidatos que superasen a proba. A realización da entrevista terá lugar na sede da CiUG, situada no 3º andar da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago.

12ª) EFECTOS:

Ao alumnado que supere a proba de acceso no SUG corresponderalles, a efectos de ingreso, a universidade na que superasen a proba.

Para acceder a *titulacións universitarias do SUG con límite de prazas*, os alumnos e as alumnas que superen a proba deberán presentar a súa *solicitud de admisión*, no prazo do 18 ao 28 de xuño, en calquera dos LERD existentes. Para iso é necesario estar en posesión do certificado de ter superada a proba, que se expedirá pola CiUG e remitirase por correo con aviso de recibo ao domicilio dos interesados/as.

Para os/as estudantes maiores de 45 anos que superen a proba de acceso, en virtude do disposto no Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño (BOE de 7 de xuño), reservárase unha porcentaxe do 2 por 100 das prazas totais de cada titulación.

No Anexo II recóllese o horario de realización dos exercicios da proba.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2018




Asdo. Celso Fernández Fernández
Presidente da CiUG

SRES. XEFES DOS SERVIZOS DE ALUMNADO DAS TRES UNIVERSIDADES.
SRES/AS. ENCARGADOS/AS DOS LERD.
SRES/AS. RESPONSABLES DO PROGRAMA INFORMÁTICO NERTA

ANEXO I - LERDs

Lugares de Entrega e Recollida de Documentación

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- **LERD 1 Campus de Santiago de Compostela**
Servizo de Xestión Académica
Pavillón Estudiantil, 2º andar-Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
INFORMACIÓN OIU: 881 812 000/ 881 811 000
Fax: 881 814 855 // Correo: sxa@usc.es
- **LERD 2 Campus de Lugo**
Edificio Biblioteca-Intercentros, planta baixa
Campus Universitario
27002 Lugo
Tel: 982 285 900, extensións: 23577/23579/23578
Fax: 982 823560 // Correo: sxa.lugo@usc.es

**UNIVERSIDADE DE CORUÑA**

- **LERD 3 Campus de Elviña - A Coruña**
Pavillón de estudantes
Campus de Elviña
15192 A Coruña
Tel. 981.167.000 ext: 1190/1192 // lerdcoruna@udc.es
- **LERD 4 Campus de Ferrol**
Campus de Esteiro
Edificio de Apoio ao Estudo, planta baixa
15403 Ferrol
Tel: 981.337.451
Fax: 981.337.417 // lerdfer@udc.es

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

- **LERD 5 Campus de Vigo - SIOPE**
Edificio Miralles
Campus Universitario-Lagoas Marcosende
36310 - Vigo
Tel: 986.813.630 / 986.813.755
Fax: 986.813.639 // sie@uvigo.es
- **LERD 6 Campus de Ourense**
Unidade Administrativa
Área de Servizos á Comunidade
Campus As Lagoas
32004 Ourense
Tel: 988.387.102
Fax: 988.387.165 // asc-ou@uvigo.es
- **LERD 7 Campus de Pontevedra**
E.U. de Enxeñaría Técnica Forestal
Área de Servizos á Comunidade
Campus A Xunqueira
36005 Pontevedra
Tel.: 986.801949 // asc-po@uvigo.es
Fax: 986.802060 //

ANEXO II

DATA E HORARIO DE REALIZACIÓN DA PROBA

Sábado, 2 de marzo de 2019	
HORA	SESIÓN
08:30	Presentación do alumnado
09:00 – 10:30	COMENTARIO DE TEXTO sobre un tema xeral de actualidade
10:30 – 11:00	Descanso
11:00 – 12:30	LINGUA GASTELÁ
12:30 – 13:00	Descanso
13:00 – 14:30	LINGUA GALEGA
14:30	Fin da sesión